

PRAIAS DE GALICIA



2022 - 2023

PRAIAS DE GALICIA

Somos BuseandoPorGalicia, unha axencia de viaxes especializada en viaxes en grupo tanto culturais como de aventura, con número de licencia: XG-611. Dirixímonos a vostede para presentar e poñervos unha nova proposta de excursión que pensamos que pode ser interesante. Aquí mostrase en liñas xerais, xa que é adaptable en canto a datas de realización e lugar a visitar, da forma que mellor se axuste as vosas preferencias e necesidades. Trátase pois dunhas ideas moi pinceladas que, á vosa solicitude, se converterían nunha proposta fixa cunha forma e contido máis acordes.

Non dude en poñerse en contacto con nós para en colaboración co noso experto en excursións, elaborar o voso plan de viaxe. Todo isto no menor tempo posible, cas mellores condicións económicas e de seguridade, etc. Antes de pasar a expoñer as nosa propostas, queremos indicarlle que somos unha axencia de viaxes totalmente formalizada nos aspectos legais e administrativos vixentes. Ademais, traballamos coas mellores compañías aseguradoras e de transporte, contamos con guías e acompañantes de viaxes profesionais, e colaboramos coas mellores maioristas en canto a liñas aéreas e aloxamentos.



Vámonos á praia! é un proxecto que busca acercar á xente do interior de Galicia con algunhas das mellores praias da costa galega dunha maneira fácil e segura, para que eles só teñan que preocuparse por desfrutar. Con estes paquetes as persoas contarán con transporte en autocar propio que os levará desde a vila de orixe ata a praia solicitada, ademais de contar cun seguro de viaxes. Deste xeito está na súa man o xantar, podendo elixir tanto un restaurante preto da praia ou levar a comida da casa.

As praias máis comúns para visitar son: a praia do Vilar en Ribeira, a praia da Lanzada no Grove, a praia de Tanxil en Rianxo ou a praia de Valdoviño en Valdoviño; aínda que teremos en conta calquera suxestión pola vosa parte. Para calquera dúbida póñase en contacto con nós, intentaremos aconsellarvos coa maior brevidade posible.

Non fai falla que para a realización destas viaxes as praias haia un nº alto de viaxeiros. Podemos coordinalos con outros concellos do entorno para completar os autocares e as liñas. Tamén queremos indicar que as viaxes poden ser regulares todo o verán, etc, segundo creades oportuno. E lóxicamente nós encargáramonos de prepararvos a cartelería, etc.

